


Tarefa 29 de abril a 8 de maio

Esterilidade e reprodución asistida

1-Contesta ás preguntas:

- Que é a esterilidade?
- Para que se usan as técnicas de reprodución asistida?
- En que consiste a inseminación artificial?
- Que representa o seguinte esquema? Explicao.



2-Lectura:

"O occidente rico inviste enormes cantidades de diñeiro en tecnoloxías de reprodución asistida como a FIV ou a inxección intracitoplasmática de espermatozoides, con altos beneficios que alcanzan so a unha minoría. Nos países menos desenvolvidos, un tercio das mulleres de entre 15 e 44 anos de idade padecen enfermidades que teñen que ver coa gravidez, aborto ou aparato reprodutor. Según a OMS cada ano morre medio millón de mulleres por causas relacionadas coa gravidez e o parto, das cales o 99% pertencen aos países menos desenvolvidos"

Concepción e aconcepción

1- Completa a seguinte taboa sobre os métodos anticonceptivos:

Método		Descrición
.....	Ogino	
	Temperatura	
	Billings	
De Barreira		
	 (masculino ou feminino)	
.....	DIU	
	Pílula do día despois	
Químicos e bioquímicos		
		
Cirúrxicos		
		

2) Indica se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións:

- Durante a ovulación prodúcese o aumento da temperatura basal do corpo.
- Os preservativos masculino e feminino preveñen as enfermidades de transmisión sexual.
- A pílula fai que á muller non lle veña regra.
- O DIU impide que anixe o embrión no útero.
- Os espermicidas matan ou inmovilizan os espermatozoides.
- A vasectomía e a ligadura de trompas son métodos facilmente reversibles.

3) A que métodos anticonceptivos corresponden as seguintes definicións?

- O semen queda libre de espermatozoides
- Preparados hormonais que impiden a ovulación
- Este método tamén protexe das ETS
- É un método de esterilización feminino

4) Nas seguintes situacións indica o método anticonceptivo máis recomendabel:

-Unha parella de xoves.

.....

-Unha parella estabel con 4 fillos/as que non quere ter máis.....

-Unha parella que acaba de coñecerse

.....

-Unha parella estabel que de momento non quere ter fillos/as

.....

-Cal é o único método que serve para todos os casos?

Reproducción e saúde

1-Que son as ETS? Nomea algunha.

2-Busca información sobre a vacina para previr o cancro de colo de útero e responde ás seguintes preguntas:

- Quen debe poñela e a que idade?
- Que axente provoca o cancro de colo de útero?

3-Sobre embarazos non desexados e ETS, mira o seguinte enlace:

<http://youtu.be/I9gJ LIzVzs>

4-Sobre a SIDA le o seguinte texto e fai a continuación as actividades:

O VIH é o Virus de Inmunodeficiencia Humana, causante da Síndrome de Inmunodeficiencia Adquirida (SIDA).

Ataca ás células coordinadoras do sistema inmunolóxico (linfocitos T₄), co cal este faise progresivamente incompetente para defendernos fronte aos microbios patóxenos, deixandonos abertamente expostos a eles.

O VIH so o pode transmitir unha persoa portadora do mesmo, teña ou non síntomas, é dicir, unha persoa portadora sempre é transmisora da infección, aínda que ela non desenvolva a enfermidade.

Só determinados líquidos corporais conteñen a suficiente concentración de VIH como para infectar a outras persoas e estes son: o sangue, os fluídos xenitais masculinos e femininos e, aínda que en menor medida, o leite materno. As únicas vías de transmisión da infección VIH/SIDA son :

VIA SEXUAL

VIA SANGUINEA OU PARENTERAL

VIA PERINATAL OU NAI-FILLO/A

So determinadas prácticas de risco posibilitan a transmisión do virus.

TRANSMISIÓN DO VIRUS POR VÍA SEXUAL: a práctica de risco sería ter relacións sexuais homo ou heterosexuais, sen protección, con intercambio de fluídos xenitais, con persoas que poideran ser portadoras.

Tendo en conta que non sabemos quen pode ser portador/a a non ser mediante unha analítica, compre tomar precaucións:

Utilizar sempre o preservativo! e utilízalo correctamente!

TRANSMISIÓN DO VIRUS POR VÍA SANGUINEA: a práctica de risco é compartir agullas, xiringas ou calqueira obxecto que poidera estar en contacto co sangue dunha persoa portadora.

A prevención consiste en :

Nunca compartas xiringas, agullas de tatuaxe, máquinas de afeitar, cepillos dentais, etc !

TRANSMISIÓN DO VIRUS POR VÍA PERINATAL: unha muller portadora podelle transmitir o virus ao seu bebé non so durante a xestación senón tamén durante o parto e a lactancia.

Para previlo, unha muller que tivo prácticas de risco, ante un proxecto de embarazo, debe descartar primeiro a posibilidade de ser portadora.

Se a muller é portadora e quere quedar embarazada ou xa o está debe ir ao médico para sopesar os riscos, coidados e alternativas.

En relación ao contaxio do VIH, unha persoa pode ser:

-Seropositiva: ten no seu sangue anticorpos anti-VIH, o cal significa que estivo en contacto co virus.

-Portadora: é seropositiva, e ademais ten o VIH no seu sangue. Pode ser portadora sen síntomas de enfermidade ou enferma de SIDA.

ACTIVIDADES VIH

1- Que significan as siglas SIDA?

.....

2- Que é unha síndrome?

.....

3- Cal é o axente causante da SIDA?

.....

4- Como afecta o VIH ao sistema inmunitario?

.....

5- Como chamamos a unha persoa que ten no seu sangue anticorpos anti-VIH?

.....

Que nos indica este feito?

Indícanos que ten o VIH no seu sangue

Indícanos que estivo en contacto co VIH

Indícanos que está enferma de SIDA

6- Como chamamos a unha persoa que ten no seu sangue o VIH?

-Será esa persoa seropositiva? SI NON

-Estará necesariamente enferma de SIDA? SI NON

-Poderá enfermarse de SIDA no futuro? SI NON

7- Cales son as vías de contaxio da SIDA?

.....

.....

.....

8- Cales as medidas para evitar o contaxio por vía sanguínea?

.....

.....

9- Nas relacións sexuais, que debemos facer para evitar o contaxio do VIH?

10- Cales son as medidas para evitar o contaxio vía nai-fillo?

11- Das seguintes afirmacións suliña as que sexan correctas:

O VHI é transmisíble

O VIH pode non manifestarse durante anos

O VIH só pode transmitilo unha persoa portadora del

Unha persoa pode ser portadora do VIH e non ter ningún síntoma

Unha síndrome é un conxunto de signos e síntomas de enfermidade

É posible a transmisión nai-fillo durante o embarazo

Por bicos e caricias non se transmite o VIH

A saliva dunha persoa portadora do VHI non ten capacidade infectante.

O leite materno transmite o VIH

Compartir ducha ou vestiario non conleva risco de contaxio de VIH

Compartir obxectos que poidan estar en contacto co sangue(agullas, coitelas de barbear, cepillos dos dentes) conleva risco de contaxio do VIH

Sentar no mesmo asento ou ir ao mesmo aseo non conleva risco de contaxio do VIH

Manter relacións sexuais sen protección si conleva risco de contaxio do VIH

11-Coñece o ciclo vital do VIH co seguinte recurso:

http://iespoetaclaudio.centros.educa.jcyl.es/sitio/upload/ciclo_virus_sida3_eso.swf

12-Mira algún dos seguintes recursos:

<https://youtu.be/H9TdapPa-mo>

https://youtu.be/K0Hubl_jjjI

<https://youtu.be/xBN00cRTpqk>

<https://youtu.be/H49t6KXleIA>

Sexualidade

1-Algúns recursos de interese sobre sexualidade localizables en internet.

-Guía Pedagógica Amor Propio Derechos Sexuales y Reproductivos para Adolescentes y Jóvenes

https://youtu.be/dtKNLvtj_qY

-Dereitos sexuais e reprodutivos

<http://youtu.be/AIQdzZTa17c>

-Querido papá: vanme chamar puta

<https://youtu.be/IMME0z2Cj-Q>

-Sobre abuso sexual na infancia

<https://youtu.be/zKZ1dj4rNNg>

-Sobre identidade sexual

"O sexo sentido"

<https://youtu.be/PoJLRuS5D0U>

-Sobre igualdade e diversidade

<https://youtu.be/c9TMg-4mSQ4>

<https://youtu.be/Dp2Dx9KcIXE>

2- TEST "REFLEXIONAMOS SOBRE SEXUALIDADE":

- A identidade sexual non depende dos nosos xenitais senón de como nos sentimos. V F
- Só hai unha parte do noso corpo que é sexuada: os xenitais V F
- A sexualidade natural é de tipo heterosexual V F
- A sexualidade ten moito que ver co coñecemento, valoración e aceptación do propio corpo V F
- Cando te namoras podes facer promesas de amor eterno porque amas tanto, que é fácil que dure para sempre. V F
- A asertividade é a liberdade de decidir fronte á presión dos compañeiros/as tendo en conta os dereitos propios e alleos. V F
- Negarse a ter relacións sexuais coa tua parella é o mesmo que dicirlle que non lle queres. V F
- Pódense ter relacións sexuais con coito ,sen riscos ,cando non estas ovulando. V F
- Se sabemos que alguén está sufrindo abusos sexuais, debemos pedir axuda por el/ela, a non ser que sexa a noso/a mellor amigo/a e lle xuráramos gardar o segredo. V F
- Unha relación sexual so é completa se se practica o coito . V F
- A sexualidade e a reprodución son a mesma cousa. V F
- As persoas maiores non practican o sexo. V F

- Na relación sexual é moi importante a comunicación, expresar as dúas persoas o que senten e queren, e respectar as decisións, eleccións, desexos,.. da outra persoa, sen presión. V F
- É feo tocarse, acariciarse ou masturbarse. V F
- Non é importante onde(casa, coche, etc) se teñan relacións sexuais V F
- A vasectomía inflúe no desexo sexual dos homes. V F

- Ao chegar á adolescencia, ter relacións sexuais con outras persoas é o normal, e se non o fas non tes éxito. V F
- Non é importante con quen manteñas relacións sexuais V F
- Hai persoas ás que o sexo non lles motiva V F

3) PAUTAS PARA CONSTRUIR FORMAS POSITIVAS DE VIVIR AS RELACIÓNS AFECTIVO-SEXUAIS

O desexo de que nos queiran e de querer a outras persoas, de expresar os nosos sentimentos afectivos co corpo, é unha necesidade fisiolóxica e psicolóxica, propia das persoas desde que nacen e ao longo de toda a vida.

Estes desexos exprésanse de forma distinta en cada idade. Os adolescentes mostran de diversas maneiras a necesidade de que se lles teña en conta, de confiar en alguén, de

querer, de atraer, e sentir a atracción doutras persoas, de palpar outro corpo, recibir caricias que fagan sentir o propio corpo,...

É moi importante que coñezas ben o teu propio corpo. Así irás rexeitando ideas absurdas como:

-Supoñer que o pracer sexual depende do tamaño das tetas e do pene.

-Reducir a zona xenital da muller á vaxina.

-Pensar que é feo tocarse, acariciarse ou masturbarse.

-Crer que o corpo humano é naturalmente heterosexual.

-Pensar que coa retirada de regra, as mulleres perden capacidade sexual ou que a vasectomía inflúe no desexo sexual dos homes.

A beleza física inflúe moito na emotividade, desexo e sensibilidade que se esperta entre as persoas. A beleza é un valor positivo tanto para homes como para mulleres. Cada persoa ten a súa beleza singular, e debe crear a súa propia expresión, fora de toda competitividade, estereotipos comerciais ou intereses económicos e sexistas.

As relacións sexuais de unha persoa consigo mesma, como coas demais persoas, son unha forma máis que temos de encontrarnos, de amarnos, de manifestar o que sentimos nun momento dado.

Nunha relación de amor e na sexualidade o noso corpo convértese nun instrumento de comunicación persoal que nos permite expresar o que non expresamos con palabras. Pero, tamén é un instrumento de pracer.

Para vivir unha relación de amor non hai fórmulas nin receitas. Na relación aprendemos de forma continua. Hai que crear todo: os movementos, as fantasías, a desinhibición dos sentidos e dos sentimentos,... Hai que partir da sensibilidade de cada un/unha e empregar o humor, a fantasía, a tenrura,...

A relación de amor pódese vivir entre un home e unha muller, entre dúas mulleres e entre dous homes, porque o natural é que o amor e a súa expresión sexual se de entre persoas, sen limitación de sexo.

O proxecto dunha relación de amor que viven dúas persoas non ten porque acabar enmarcándose na institución familiar, porque a familia non é o único lugar para vivir o amor e a sexualidade. Cada persoa ten a súa propia forma de crear este proxecto: formando unha familia tradicional, convivindo como parella,...

Na relación sexual é moi importante a comunicación, expresar as dúas persoas o que senten e queren, e respectar as decisións, eleccións, desexos,.. da outra persoa, sen presión.

A expresión sexual é unha experiencia máis da vida, non a única nin ó marxe dela. Antes ocultábase a importancia da afectividade e da sexualidade na vida das persoas e agora pasouse a absolutizar o sexo. Por influencia da rúa e dos medios de comunicación, a veces coa obsesión polo sexo déixanse de experimentar os goces da amizade.

Temos amor sen sexualidade (por exemplo: con amizades profundas, persoas nas que confiamos plenamente, coa familia,...), sexualidade sen amor exemplo:, experiencia sexuais que xorden de forma esporádica, prostitución..) e amor con sexualidade (amor de parella que reporta unha relación plena).

Se temos en conta todo o explicado anteriormente, queda claro que non debemos identificar sexualidade con reprodución.

Tamén é un erro centrar a relación sexual no coito ou nas relacións xenitais, porque esto sería reducir moito a sexualidade e privarse doutras sensacións prazenteiras. Unha relación sexual completa é aquela que produce gran satisfacción a ambas persoas, e non necesariamente ten que implicar facer o coito.

Mulleres e homes, pola educación que recibimos e por outras cousas, vivimos a sexualidade e o amor dunha forma diferente. Na vida afectiva e sexual, as mulleres non deben subordinarse ao home nin o home debe sentirse con poder sobre ela. Só unhas relacións de ti a ti poden levar a unhas e a outros a gozar do amor .

Ser nai ou pai non é unha obriga que teñamos polo feito de ser persoas, nin un instinto, é algo que eliximos ou non, segun o noso proxecto persoal de vida. Hai maternidade e paternidade biolóxica pero tamén hai persoas que son pai ou nai por que optaron pola adopción. Crear vida humana é unha das tarefas máis importantes que podemos facer as persoas e esixe unha gran responsabilidade.

Sabendo que a maternidade e a paternidade se elixen, debes controlar se queres ser nai ou pai biolóxicamente. Polo que debes pensar con responsabilidade na anticoncepción, e esto non é algo que afecte ós rapaces ou ás rapazas, senón a ambos. Non vos arisqueades a un embarazo non desexado ou a enfermidades de transmisión sexual.

Texto extraído e adaptado do libro "Aprendiendo a amar desde el aula" de M^a José Urruzola Zabaltza.